

O artigo

O artigo colócase diante do substantivo ao que acompaña. A súa función é, polo tanto, determinalo: o mel, a ponte, os ríos, as montañas.

Tendo en conta a súa función sintáctica, o artigo forma parte dos determinantes.

Na nosa lingua esta clase de palabras presenta dúas clasificacións: artigo determinado e indeterminado.

Formas dos artigos determinados			Formas dos artigos indeterminados		
	Singular	Plural		Singular	Plural
Masculino	o	os	Masculino	un	uns
Feminino	a	as	Feminino	unha	unhas

Os artigos, tanto determinados como indeterminados, nos seus encontros coas preposicións forman contraccións. Repara nas formas recollidas na seguinte táboa:

Contraccións cos artigos determinados				
	o	os	a	as
a	ao/ó	aos/ós	á	ás
de	do	dos	da	das
en	no	nos	na	nas
con	co	cos	coa	coas
por	polo	polos	pola	polas

Contraccións cos artigos determinados				
	un	uns	unha	unhas
de	dun	duns	dunha	dunhas
en	nun	nuns	nunha	nunhas
con	cun	cuns	cunha	cunhas

Os artigos determinados introducen substantivos que designan persoas ou cousas coñecidas polos interlocutores. De todas as posibilidades, o artigo selecciona unha determinada: Quero a camisola verde (unha específica).

Os artigos indeterminados, pola súa banda, designan seres ou obxectos descoñecidos para algún dos interlocutores ou para todos eles. Empréganse cando non se pode concretar ou se descoñece a cantidade de cousas para determinar: Quero unha camisola verde (unha calquera).

O adxectivo determinativo

Os adxectivos determinativos son palabras que acompañan aos substantivos, seleccionándoos entre outros posibles substantivos e delimitando o seu significado. No plano sintáctico, funcionan como determinantes (D).

Repara nas seguintes oracións:

As tortas gústanlle á tía.

Todas as tortas gústanlle á tía.

Todas estas tortas gústanlle á **súa** tía.

En cada unha das oracións anteriores vaise seleccionando con maior precisión, progresivamente, o significado dos substantivos tortas e tía, por mor da inclusión dos adxectivos determinativos todas, estas e súa. Desta maneira, podemos determinar a que tortas nos referimos e de quen é a tía, grazas a estas palabras.

Lembra:

Os adxectivos determinativos concordan en xénero e número co substantivo ao que acompañan.

Distinguímos as seguintes clases de determinantes: **posesivos, demostrativos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos.**

Adxectivos demostrativos e posesivos: Os adxectivos demostrativos seleccionan a realidade nomeada polo substantivo, **situándoo no espazo ou no tempo:** **eses** coitelos, **aquela** andaina.

Adxectivos demostrativos						
	Aquí		Aí		Alí	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Masculino	estes	estes	ese	eses	aquel	aqueles
Feminino	esta	estas	esa	esas	aquela	aquelas

Existe unha forma neutra e invariable do demostrativo (que só presenta singular): **isto, iso, aquilo.**

Os adxectivos posesivos seleccionan a realidade designada polo substantivo, indicando unha relación de **posesión, de dependencia ou de pertenza**.

Adxectivos posesivos				
	Un só posuidor ou posuidora			
	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
1. ^a persoa	meu	miña	meus	miñas
2. ^a persoa	teu	túa	teus	túas
3. ^a persoa	seu	súa	seus	súas

	Varios/as posuidores ou posuidoras			
	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
1. ^a persoa	noso	nosa	nosos	nosas
2. ^a persoa	voso	vosa	vosos	vosas
3. ^a persoa	seu	súa	seus	súas

Por vía de regra, **diante dos posesivos debe colocarse o artigo determinado**: a **miña** cadela, **os seus** móbiles.

Con todo, nalgúns casos pódense suprimir:

- Con nomes de **parentesco próximo** (nai, pai, avoa, irmán...): Meu avó Xoán. Isto non acontece cando se trata de varios posuidores: Os nosos avós chegan hoxe.
- Nalgunhas **frases feitas e exclamativas**: Meu Deus! Miña ruliña! Meu rei! Meu dito, meu feito.
- Nos **vocativos**, isto é, invocacións da persoa ou cousa a quen nos diriximos no discurso directo:

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quen poidera namorala!

Álvaro Cunqueiro

Adxectivos numerais e indefinidos

Os adxectivos **numerais** expresan a **cantidade exacta** dos obxectos ou cousas indicados polo substantivo (**corenta** euros, **doce** ovos), ou ben a **orde** ou **situación** que este ocupa nunha serie (**terceiro** andar, **sétima** praza). De acordo con isto, os numerais clasifícanse en **cardinais** e **ordinais**.

Adxectivos numerais	
Cardinais	Ordinais
un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce (...), dezaseis, dezasete, dezaioito, dezanove, vinte, vinte e un, vinte e dous (...), trinta, corenta, oitenta (...), cen, cento un (...), setecentos (...), oitocentos corenta e seis (...), mil (...)	primeiro/a, segundo/a, terceiro/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, décimo primeiro/a ou undécimo, décimo segundo/a ou duodécimo, décimo terceiro/a (...), vixésimo/a (...), centésimo/a (...), milésimo/a (...)

Os adxectivos **indefinidos** indican un **número ou unha cantidade indeterminada** de seres, obxectos ou ideas: **uns cantos** días despois, **algunha** proba, **bastantes** balóns, **pouco** valor.

- Invariables: cada, calquera, máis, menos

- Variables: un (s) / unha (s), algún, ningún, todo, moito, pouco, tanto, demasiado, certo, outro

Para saber máis...

- Os adxectivos demostrativos contraen coas preposicións **en** e **de**: **nesto** vaso, **desas** landras; e tamén **co indefinido outro/a/os/as**: **aqueloutro** día, **estoutras** nenas. Estas contraccións **tamén se poden dar xuntas**: **nestoutro** lugar.

- Os cardinais **a partir de vinte**, escríbense **separado**: **vinte e un** quilos, o talle **trinta e seis**.

- Os ordinais presentan variación de **xénero e número**: **segundo/a/os/as**, **cuarto/a/os/as** etc. Porén, nas formas compostas (con máis dunha palabra) só flexiona o último elemento: Gañou a **quincuaxésimo sétima** edición do campionato galego de xadrez. Ademais, a partir do 10.º os números ordinais pódense substituír polo cardinal correspondente: Gañou a cincuenta e sete edición do campionato galego.

- Non se deben confundir os números ordinais cos números partitivos, que designan unha fracción, isto é, a parte dun todo: **décimo cuarto** aniversario ou **catorce** aniversario, mais non *catorceavo aniversario.

- Os **indefinidos algún e outro**, en todas as súas variantes, **contraen** coas preposicións **de** e **en**: **dalgunha** maneira, **noutros** casos.

O pronome persoal.

Os pronomes tónicos

Os pronomes persoais son os máis utilizados e fan referencia ás tres persoas gramaticais (1ª, 2ª e 3ª), coas súas variacións de número (singular e plural).

Os pronomes persoais designan as tres persoas do discurso: quen fala (1ª persoa: eu, nós), quen escoita (2ª persoa: ti, vós) e de quen se fala (3ª persoa: el/ela, eles/elas).

Ademais, os pronomes persoais poden clasificarse en tónicos ou átonos, segundo posúan acento de pronunciación ou carezan deste:

Vós ben sabedes o que vos convén.

pron. tón.

pron. át.

Repara nas formas dos pronomes persoais tónicos que aparecen no seguinte cadro:

FORMAS DOS PRONOMES PERSOAIS TÓNICOS		
PERSOA	SINGULAR	PLURAL
1ª (emisor)	eu, min, comigo	nós, connosco
2ª (receptor)	ti, vostede, contigo	vós, convosco
3ª (outras persoas)	el, ela, si, consigo	eles, elas, si, consigo

Uso do pronome persoal tónico: segundo acabamos de ver, o pronome persoal tónico posúe varias formas en cada unha das súas persoas gramaticais.

<i>Eu</i> veño de Portugal.	Falan de <i>ti</i> .	Levaron <i>consigo</i> o can de Lois.
1º per.	2º per.	3º per.

Como podes comprobar, **o pronome tónico** pode aparecer en **calquera posición** dentro da oración desempeñando **múltiples funcións**. **A máis común é a de suxeito** (Ela sabe moito), mais tamén poden funcionar como atributo, vocativo, CD, CI, suplemento, complemento circunstancial, complemento preposicional...

Así e todo, o pronome suxeito normalmente omítese porque as desinencias do verbo adoitan abondar para indicar as nocións de persoa e número:

[Eu] <i>Vivo</i> cos meus pais.	<i>Ela vive</i> cos seus pais, mais <i>el vive</i> só.	
1ª pers. sing.	3ª pers. sing.	3ª pers. sing.

Para saber máis...

- Despois das conxuncións comparativas ca e coma, o pronome persoal de 1ª persoa que debemos empregar é **min**, non eu: Fala tanto coma min. / Creceron máis lentos ca min.
- A forma neutra **elo** non ten vixencia no galego actual. No seu lugar, debemos empregar os pronomes demostrativos **isto ou iso**: Aínda que está alporizado, iso non é razón para berrar.
- As formas **nosoutros e vosoutros** coexisten coas máis comúns **nós e vós**, cun sentido de **exclusividade** dentro dun grupo meirande: De todas vós, só vosoutras merecedes o premio.
- As formas **connosco e convosco** son preferibles ante as construcións con **nós e con vós**:
Por que non vides connosco ao cinema?
- **Os pronomes de 3ª persoa** **el, ela, eles e elas** **contraen** coas preposicións **en e de**:
Fuxiu del mentres pensaba nela.

O pronome persoal átono

O pronome persoal átono, igual que o tónico, caracterízase por realizar as **mesmas funcións que o substantivo**. Polo tanto, pode substituílo.

Fixemos unha torta de mazá para Xacobe. → Fixémola para Xacobe.

Porén, as formas átonas diferéncianse das tónicas en que **non posúen acento de intensidade** e porque as súas funcións sintácticas son diferentes. As súas formas son:

	Primeira persoa	Segunda persoa	Terceira persoa		
Singular	me	te / che	o / lo / no, a / la / na	lle	se
Plural	nos	vos	os / los / nos, as / las / nas	lles	se

A segunda persoa do singular pode adoptar dúas formas, te ou che, segundo a función que desempeña:

Non te vin na biblioteca. / Non che vin o pelo en todo o día.

Por outra parte, o pronome de terceira persoa pode presentar diferentes formas:

- As formas **lo, la, los, las** empréganse despois dos **infinitivos**: Foron abalar a pedra.> Foron abalala.; **dos verbos acabados en -s**: Rompestes o cadro de Urbano. > Rompéstelo; e **dos pronomes átonos nos, vos e lles**: Xa nos mercou as saias. > Xa nolas mercou.
- As formas **no, na, nos, nas** utilízanse **tras os verbos rematados en ditongo**: Escolleu tres camisolas idénticas. > Escolleunas.
- As formas **o, a, os, as** úsanse en **todos os demais casos**: Non a quero; Fíxoo tarde.

Colocación e uso do pronome átono:

O pronome átono pódese colocar diante ou detrás do verbo. Con todo, a súa posición máis habitual é detrás del:

Elsa mercouno, envolvino eu e trouxémolo entre todos.

Non obstante, algunhas palabras provocan que o pronome átono saia desta posición e se coloque **diante do verbo**, escribíndose sempre **separado** del:

Nunca te levaron de pesca? Non. A min só me interesan os deportes de risco.

Algunhas das palabras que exixen a colocación do pronome átono antes do verbo son:

- O adverbio **non** ou **calquera outro adverbio**, **pronome indefinido** ou **conxunción** que achegue un significado **negativo**: Ninguén che dixo que non o intentases, mais ti nunca me escoitas.
- A interxección **oxalá!**, que expresa desexo: Oxalá nos dean o premio!
- Os pronomes **interrogativos e exclamativos** que, cando, onde, cal, quen...: Que vos pasou? Onde vos meterades?
- A **conxunción que** fai que o pronome átono se coloque diante do verbo do cal depende: No documental afirmaban que os dinosauros se extinguiron pola caída dun meteorito xigantesco. O

mesmo acontece coas **conxuncións se e cando**: Se a queres convencer, míraa aos ollos cando lle fales.

- Varios **adverbios de tempo** como xa, aínda, sempre, axiña, deseguida, enseguida, tarde, cedo... e outros como máis, ben, case, moito, disque, seica, quizais, só...: Sempre o ten todo moi curioso, mais enseguida lle estragan as flores os cans.

Lembra

O pronome átono nunca pode comezar unha oración: Coñecémolas desde hai anos, e non *As coñecemos desde hai anos.



En galego temos dúas formas para o pronome átono da segunda persoa do singular: **te e che**. Saber cando se utiliza un ou outro é moi doado se coñecemos a seguinte regra:

O pronome **te** ten a función de **complemento directo** (CD) e o pronome **che** de **complemento indirecto** (CI).

Cando se utiliza o pronome **te**?

O pronome te utilízase cando ten a función de CD, propio dos verbos transitivos, xa que alude ao ser ou ao obxecto sobre o que recae a acción verbal.

Se convertemos a oración en pasiva, o CD pasa a ser o suxeito. Por exemplo:

Vinte na cafetería / Ti fuches visto por min na cafetería.

Cando se utiliza o pronome **che**?

O pronome che utilízase cando ten a función de CI, xa que indica o destinatario da acción expresada polo verbo. Por exemplo:

Díxenche a verdade.

Compreiche unhas lambonadas.

Truco para saber diferencialos

Un truco moi rápido para diferenciarmos os pronomes te e che é **substituír eses pronomes de segunda persoa polos de terceira.**

Se podemos cambiar ese pronome por o/lo/no ou a/la/na, quere dicir que o pronome vai ser de CD. Polo tanto, temos que poñer te.

Saudeite onte pola rúa / Saudeino onte pola rúa.

Chameite por teléfono / Chameina por teléfono.

Se podemos substituílo por un lle, significa que é un pronome de CI e que debemos utilizar o che.

Lévoche mañá os apuntamentos / Lévolle mañá os apuntamentos.

Collinche as entradas do concerto / Collinlle as entradas do concerto.